

Estimadas familias:

Para este Entroido 2023 o Centro Xuvenil Ateibo propón unha actividade especial de convivencia de tódolos grupos: **unha acampada no Mosteiro de San Salvador de Bergondo!**

Gustaríanos que todos os/as rapaces/as participen, xa que será un momento de convivencia e diversión.

Viaxamos en bus particular, polo que as prazas son limitadas.

DATAS: 17, 18 e 19 de Febreiro.

CUSTE: 40 €

HORARIOS:

- Saída o venres 17: **19:30 h**
- Chegada o domingo 19: **18:00 h**

HAI QUE LEVAR:

- Cea do venres.
- Calzado e roupa cómodos e de abrigo. Pixama ou roupa para durmir. Útiles de aseo (toalla, chanclas, cepillo de dentes...) e mudas para os 3 días.
- Saco de durmir e esterilla (durmiremos no chan; se alguén non ten e non pode conseguilo, pode pedilo indicándoo na inscrición. Hai unha cantidade limitada para préstamo).

Esperamos que respondades á invitación e vos animedes a **participar** neste encontro.

O derradeiro día para anotarse será o luns 13 de febreiro.

En Lugo, a 7 de febreiro de 2023

O equipo de animadores/as de Ateibo

Ficha de Inscrición para a Acampada de Entroido 2023

Eu, D./D^a. _____ como pai/nai/titor/titora de _____, que pertence ao grupo de _____ (indicar o correspondente) autorízo/a a participar na ACAMPADA de ENTROIDO no Mosteiro de San Salvador de Bergondo que terá lugar os días 17, 18 e 19 de febreiro de 2023.

Teléfonos de contacto: _____

O/a mozo/a necesita saco de durmir? SÍ NON

O/a mozo/a necesita esterilla? SÍ NON

OBSERVACIÓNS (Alerxias alimentarias ou doutro tipo, medicacións...):
.....
.....
.....
.....
.....

Sinatura do pai, nai ou titor/a _____